



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A BAÑA

*Regulamento de Control Interno do Concello da Baña*

##### ANUNCIO

Expte. TEDEC: 2023/G013/000001 (Ordenanza).

Expte. TEDEC: 2023/G006/000172 (Proposta).

Expte. TEDEC: 2023/G012/000011 (Comisión Informativa).

Expte. TEDED: 2023/G010/000010 (Pleno).

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria con data do 30 de novembro de 2023, acordou, por unanimidade, o seguinte acordo:

“Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno con data do 27 de novembro de 2023 que deseguido se transcribe:

“Asunto: Ditame de aprobación definitiva do regulamento de control interno do Concello da Baña

Expte TEDEC: 2023/G013/000001 (Ordenanza).

Expte TEDEC: 2023/G006/000172 (Proposta).

Expte TEDEC: 2023/G012/000011 (Comisión Informativa).

Expte TEDEC: 2023/G010/000010 (Pleno).

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria con data do 27 de setembro de 2023 acordou, por unanimidade, entre outros acordos, o seguinte:

“Primeiro: Aprobar inicialmente o Regulamento de Control Interno do Concello da Baña, nos termos que figura no expediente e que se adxunta ó presente acordo.

Segundo: Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://sede.concellodabana.gal> co obxecto de dar audiencia ós cidadáns afectados e recadar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro: De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.concellodabana.gal>.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ó Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

Cuarto: Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”.

Visto que a lexislación e normativa aplicable é a seguinte:

- Artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigos 128 ó 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que non constan reclamacións presentadas nesta entidade ante a aprobación inicial da referida ordenanza, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 189, de 03/10/2023; así como na sede electrónica do Concello da Baña en data 28/09/2023.

Vistas as intervencións dos membros da Comisión de Asuntos do Pleno, as cales se recollen a continuación:

- O señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, intrduce a proposta de ditame.
- Non se producen intervencións de consideración.

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar definitivamente o Regulamento de Control Interno do Concello da Baña, nos termos que figura no expediente e que se adxunta ó presente ditame.

**SEGUNDO.** Publicar dita Ordenanza municipal no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://sede.concellodabana.gal>.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ó Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación definitiva, así como copia íntegra autenticada.

**TERCEIRO.** Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto”

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o Pleno da Corporación aproba, por unanimidade:

**PRIMEIRO.** Aprobar definitivamente o Regulamento de Control Interno do Concello da Baña, nos termos que figura no expediente. O texto definitivamente aprobado é o que figura publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 189, de 03/10/2023.

**SEGUNDO.** Publicar dita Ordenanza municipal no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://sede.concellodabana.gal>.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ó Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación definitiva, así como copia íntegra autenticada.

**TERCEIRO.** Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

A Baña, 17 de xaneiro de 2024.

O alcalde, José Antonio Pereira Gil.

2024/355